



CONCELLOS

CERVO

Anuncio

Por Decreto da alcaldía de data 22 de decembro de 2021 foi aprobada a Oferta de Emprego Público para a estabilización do emprego temporal do ano 2021, de conformidade coas previsións do artigo 19. Un. 9 da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2018, así como do Real Decreto Lei 14/2021, de 6 de xullo, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, para as seguintes prazas de persoal laboral:

Nome da praza	Nº prazas	Grupo
Axente de emprego e desenvolvemento local	1	A2
Traballador/a social	1	A2
Técnico de xestión	1	A2
Mestre/a educación infantil (1 xornada completa/4 xornada parcial)	5	A2
Técnico/a Orientación e Inserción Laboral	1	A2
Técnico/a informático/a	1	C1
Administrativo/a - persoal apoio arquivo municipal	1	C1
Administrativo/a de persoal	1	C1
Técnico/a Superior de Educación Infantil (xornada parcial)	2	C1
Administrativo/a persoal apoio dinamización sociocultural e lingüística	1	C1
Socorrista - persoal de apoio servizo piscina municipal	4	C2
Peón/a GES	5	AP
Oficial/a 1ª - servizo de obras	1	AP
Oficial/a 1ª - limpeza viaria	1	AP
Peón/a - albanel	3	AP
Peón/a - pintor/a	1	AP
Peón/a recollida de lixo	1	AP
Peón/a saneamento e recollida de lixo	5	AP
Auxiliar axuda no fogar	7	AP
Conserxe instalacións deportivas e municipais	1	AP
Conserxe colexios e instalacións municipais	1	AP

En cumprimento do artigo 91 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e do artigo 70.2 do Texto refundido do Estatuto Básico do empregado público aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, publícase a presente Oferta de Emprego Público para a estabilización do emprego temporal do ano 2021 no Boletín Oficial da Provincia.

Cervo, 22 de decembro de 2021.- O Alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 3656

Anuncio

CONVOCATORIA PARA O PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL (INTERINIDADE), DE UN (1) SOCORRISTA PARA A PISCINA MUNICIPAL DO CONCELLO DE CERVO.

De conformidade co Decreto de Alcaldía número 2021-1200 de 16 de decembro de 2021, faise a convocatoria para o proceso de selección para a contratación de persoal laboral temporal (interinidade), de un (1) socorrista para a Piscina Municipal do Concello de Cervo.

A convocatoria e as bases aprobadas están a disposición dos interesados no Rexistro Xeral do Concello de Cervo e na súa páxina web (www.concellodecervo.com).

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días naturais contados dende o día seguinte á publicación do anuncio desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Cervo, 22 de decembro de 2021.- O Alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 3657

Anuncio

CONVOCATORIA PARA O PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, DE TRES (3) AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR PARA O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE CERVO, AO 100% XORNADA LABORAL E CUNHA DURACIÓN DE SEIS MESES.

De conformidade co decreto de Alcaldía número 2021 - 1193 de data 16 de decembro de 2021, faise pública a convocatoria para a o proceso de selección para a contratación de persoal laboral temporal, de tres (3) auxiliares de axuda no fogar para o servizo de axuda no fogar do Concello de Cervo.

A convocatoria e as bases aprobadas están a disposición dos interesados no Rexistro Xeral do Concello de Cervo e na súa páxina web www.concellodecervo.com

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días naturais contados a partir do día seguinte da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Cervo, 22 de decembro de 2021.- O alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 3658

COSPEITO

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, ao non presentarse alegacións durante o prazo de exposición ao público, quedou automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario de aprobación inicial deste Concello, adoptado en data 25 de novembro de 2021, sobre transferencia de créditos entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto, como segue a continuación

1.I. ALTAS EN APLICACIÓNS DE GASTOS

Aplicación		Descrición	Créditos definitivos	Modificacións de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
1532	22103	Pavimentación de vías públicas.- Combustibles y carburantes.	0	5.000,00	5.000,00
161	22199	Saneamiento, abastecimiento y distribución agua.-Otros suministros	1.000,00	10.000,00	11.000,00
1621	22300	Recogida de residuos.- Transportes	0	10.000,00	10.000,00
165	22199	Alumbrado público.- Otros suministros	5.000,00	10.000,00	15.000,00
453	21000	Carreteras.- Infraestructuras y bienes naturales	25.000,00	37.000,00	62.000,00
453	22103	Carreteras.- Combustibles y carburantes	8.000,00	25.000,00	33.000,00
		TOTAL	39.000,00	97.000,00	136.000,00

1.II. FINANCIAMENTO

Esta modificación finánciase con cargo a unha transferencia de crédito que non altera a contía total ou parcial do orzamento do xeito que a continuación se detalla:

Aplicación		Descrición	Créditos definitivos	Modificacións de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
231	22799	Acción social.- Otros trabajos realizados por otras empresas	749.309,50	47.000,00	702.309,50
311	22106	Protección de la salubridad pública.- Productos farmacéuticos y material sanitario	4.000,00	3.000,00	1000,00
320	22199	Administración general de educación.- Otros gastos diversos	18.000,00	5.000,00	13.000,00
323	22300	Promoción educativa.- Transportes	1.000,00	1.000,00	0,00
333	22799	Museos y Artes Plásticas.- Otros trabajos realizados por otras empresas	9.680,00	5.000,00	4.680,00
338	22602	Fiestas populares y festejos.- Publicidad y propaganda	3.000,00	1.000,00	2.000,00
920	12004	Servicios de carácter general.- Administración general.- Sueldos del Grupo C2	18.349,12	10.000,00	8.349,12
920	12101	Servicios de carácter general.- Administración general.- Complemento específico	63.704,68	9.000,00	54.704,68
920	16000	Servicios de carácter general.- Administración general.- Seguridad Social	34.000,00	2000,00	32.000,00

920	21400	Servicios de carácter general.- Administración general.- Transportes	1.000,00	1.000,00	0
920	22799	Servicios de carácter general.- Administración general.- Otros trabajos realizados por otras empresas	27.000,00	1.500,00	25.500,00
920	27000	Servicios de carácter general.- Administración general.- Indemnizaciones administrativas	3.000,00	1.500,00	1.500,00
932	22799	Servicios de carácter general.- Administración general.- Otros trabajos realizados por otras empresas	15.000,00	1.000,00	14.000,00
943	46300	Transferencias a otras Entidades Locales.- A Mancomunidad	88.000,00	4.000,00	84.000,00
920	83000	Servicios de carácter general.- Administración general.- prestamos a corto plazo.	5.000,00	5.000,00	0,00
		SUMA TOTAL	1.040.043,30	97.000,00	943.043,30

Contra o presente Acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora de devandita Xurisdición.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 171.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, a interposición de devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Cospeito, 22 de decembro de 2021.- O Alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 3659

GUNTÍN

Anuncio

Aprobado inicialmente por el Pleno de la Corporación de fecha 23/12/2021, el Presupuesto General para el Ejercicio económico de 2.022, bases de ejecución, anexo de personal y cuadro de personal, en cumplimiento de lo dispuesto en el art. 169.1 del R.D. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo y disposiciones concordantes, se expone al público en la Secretaría de este Ayuntamiento, por plazo de quince días hábiles, que empezarán a contarse desde el siguiente al de la inserción del presente edicto en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que durante el mismo puedan formularse las reclamaciones que se consideren pertinentes, las cuales deberán ser dirigidas a la Sra. Alcaldesa-Presidenta de esta Corporación.

Guntín, 23 de diciembre de 2.021.- La Alcaldesa.- María José Gómez Rodríguez.

R. 3670

Anuncio

APROBACIÓN OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2022 DO CONCELLO DE GUNTÍN

Por Resolución de Alcaldía de data 23 de decembro de 2021 aprobouse a oferta de emprego Público correspondente ao exercicio 2022 e ordenou a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2022

PERSONAL FUNCIONARIO:

Denominación	Reserva Discapacitados	Reserva Promoción Interna	Total De Prazas	Clasificación	Grupo/ Nivel	Sistema Selectivo	Xornada
--------------	---------------------------	---------------------------------	-----------------------	---------------	-----------------	----------------------	---------

Arquitecto	0	0	1	Esc. Adm. Espe	A1/24	Oposición	50 % en agrupación con outra/s Admón local/is
------------	---	---	---	----------------	-------	-----------	---

PERSOAL LABORAL FIXO:

Denominación	Reserva Discapacitados	Reserva Promoción Interna	Total De Prazas	Clasificación	Grupo/ Nivel	Sistema Selectivo	Xornada
Traballador Social	0	0	1	Esc. Adm. Espe.		Oposición	100%

O que se fai público para xeral coñecemento, de acordo co disposto no art. 70.2 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado/a Público.

Guntín, 23 de decembro de 2.021.- A Alcaldesa, María José Gómez Rodríguez.

R. 3671

MONTERROSO

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de 16/12/21, aprobáronse os Padróns Tributarios das taxas pola prestación do servizo de augas, sumidoiro e depuración, lixo e Canon de auga da Xunta, correspondentes ao 4º trimestre do exercicio 2021, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario desde o día 1 de xaneiro de 2022 ao 22 de febreiro de 2022.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións de tributos municipais incorporadas a éste, poderase formular recurso de reposición ante este órgano, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Monterroso, 17 de decembro de 2021.-A Alcaldesa, Rocío Seijas Vázquez.

R. 3625

OUIROL

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

A Xunta de Goberno Local do Concello de Ouiról en sesión extraordinaria celebrada o día 3 de decembro de 2021, prestou aprobación inicial ao **Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de NOVEMBRO de 2021 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar** polo importe de tres mil douscentos vinte e oito euros con sesenta e catro céntimos (3.228,64 €), correspondendo mil catrocentos trece euros con sesenta céntimos (1.413,60 €) a libre concorrencia e mil oitocentos quince euros con catro céntimos (1.815,04 €) a dependencia.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de **15 días**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade con artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo **dun mes**, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento do mesmo, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Para os demais contribuíntes os recibos poranse á súa disposición nas oficinas municipais para efectuar o pago.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Ourol, 10 de decembro de 2021.-O Alcalde, José Luis Pajón Camba.

R. 3626

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

A Xunta de Goberno Local do Concello de Ourol, en sesión extraordinaria celebrada o día 3 de decembro de 2021, prestou aprobación aos seguintes Padróns:

- **Padrón da TAXA de AUGA correspondente ao 3º TRIMESTRE de 2021.**
- **Padrón da TAXA de LIXO correspondente ao 3º TRIMESTRE DE 2021.**

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de **15 días**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o órgano que o aprobou, no prazo **dun mes**, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo **dun mes** dende que se entenda producida a notificación.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, **fíxase como prazo de ingreso en período voluntario** dous meses, a contar **dende o 20 de decembro de 2021 ata o 21 de febreiro de 2022, ambos inclusive.**

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas. Para os demais contribuíntes os recibos poranse á súa disposición nas oficinas municipais para efectuar o pago.

A falta de pago do canon da auga da Xunta de Galicia no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento xeral de recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da

providencia de apremo, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Ouro, 10 de decembro de 2021.-O Alcalde, José Luis Pajón Camba.

R. 3627

QUIROGA

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2021, adoptou o seguinte acordo:

1º) Prestarlle aprobación ao Padrón de Auga, Sumidoiro, Lixo e Ecotaxa correspondente ao 4º trimestre do exercicio de 2021.

2º) A exposición pública polo prazo de 15 días a efectos de exame e reclamacións, mediante a inserción de edicto no BOP e mediante anuncio no taboleiro de edictos do Concello conforme ao establecido na Lei Xeral Tributaria e a Ordenanza Fiscal Reguladora.

3º) Poñer ao cobro no termo do artigo 62.2 da Lei 58/2003, en período voluntario, se a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes dende a data de recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior, se este non fose hábil ata o inmediato hábil seguinte; si a notificación da liquidación realizase entre os días 16 e o último de cada mes dende a data de recepción da notificación ata o día 5 do segundo mes posterior, se este non fose hábil ata o inmediato hábil seguinte. A partir da devandita data pasará á recadación executiva co conseguinte recargo de prema e demais custos derivados da execución forzosa.

4º) A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a existencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento da Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

5º) A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativo ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un 1 mes dende que se entenda producida a notificación.

Quiroga, 17 de decembro 2021.- O alcalde, Julio Álvarez Núñez.

R. 3628

RIBADEO

Anuncio

Secretaría Xeral.Persoal.02.

Expediente nº 4733/2020

RESOLUCIÓN.-

Visto expediente tramitado para proceso selectivo de constitución **de bolsa de emprego de persoal técnico para a Biblioteca pública municipal** de Ribadeo.

Resultando, que por resolución da Alcaldía de data 25 de novembro de 2021 se prestou aprobación á listaxe provisional de admitidos e excluídos, que foi exposta no tablón de anuncios do Concello, BOP de Lugo e mais na sede electrónica da web municipal www.ribadeo.gal.

Visto que durante o referido prazo se formularon diversas alegacións aportando tamén documentación para o proceso selectivo.

Esta Alcaldía, de conformidade coas disposicións vixentes da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e demais normativa de aplicación,

RESOLVE:

1º. Modificar a listaxe de admitidos e excluídos que definitivamente queda do seguinte xeito:

ADMITIDOS**APELIDOS E NOME****OBSERVACIÓNS**

López Gestal, José Luis	Aporta CELGA
Arias Más, Borja	Aporta CELGA
Rey Visto, Sara	Aporta CELGA
Rodríguez Díaz, Kevin	Aporta CELGA
Vidal Cervo, Sonia	Aporta CELGA
Louzao Recarey, Brais	Aporta CELGA
Becerra Ríos, Laura	Aporta CELGA
Castro Paredes, Inmaculada	Aporta CELGA
Alonso Domínguez, Miriam	Aporta CELGA
Balboa Díaz, Rosalía Guadalupe	Aporta CELGA
Brey Hermo, Laura	Aporta CELGA
Domínguez Díaz, Martín	Aporta CELGA
Valea Fuente, Lucía	Non aporta CELGA
Expósito Fernández, José	Non aporta CELGA
Martínez Martínez, Mónica	Aporta CELGA
Vilar Alvarez, Miriam	Aporta CELGA
Rivas Blanco, David	Non aporta CELGA
Agulleiro Cartoy, Raúl	Aporta CELGA
Seco Fernández, Nuria	Aporta CELGA
Casal Vidal, Sarai	Aporta CELGA
Rey Díaz, Adrián	Aporta CELGA
Saavedra Blanco, Marcos	Aporta CELGA
Pajares Varela, Miriam	Aporta CELGA
Vázquez Ramos, Paula	Aporta CELGA
Iglesias Martínez, Sara	Aporta CELGA

González Sánchez, Gloria	Aporta CELGA
Vilas Comesaña, Lúa	Aporta CELGA
Rivas Tomé, Manuela	Aporta CELGA
Jaraiz Zamora, Senador Antonio	Non aporta CELGA
López López, María Jesús	Aporta CELGA

EXCLUÍDOS**APELIDOS E NOME****CAUSA/S EXCLUSIÓN**

Sanchez Quintana, Isabel	Non aporta titulación requirida nas Bases da convocatoria
De Prada Martínez, Román Alejandro	Non aporta titulación requirida nas Bases da convocatoria
Prado González, Lucía	Non aporta titulación requirida nas Bases da convocatoria
Gutiérrez Puente, Ana Belén	Non aporta titulación requirida nas Bases da convocatoria

2º. Fixar a composición do órgano de selección para este proceso selectivo que queda do seguinte xeito:

Presidente: Titular: D.ª María Jesús Rañón Ríos, Bibliotecaria municipal de Ribadeo.

Suplente: D.ª Verónica Fernández Pérez, Responsable da OMIX de Ribadeo.

Vogais:

Titular: Dona Mónica Barcia, Axente de Emprego e de Desenvolvemento Local do Concello de Ribadeo.

Suplente: D.ª Patricia Coence Antelo, Tesoureira do Concello de Ribadeo

Titular: Dona Verónica Fernández Pérez, Responsable da OMIX de Ribadeo.

Suplente: D.ª María Cristina González Santín, Interventora do Concello de Ribadeo

Titular: Don José Luis Gegunde López, Traballador Social do Concello de Ribadeo.

Suplente: D.ª María Fiamma Prada Lens, Educadora familiar do Concello de Ribadeo.

Secretario: Titular: D. José Rodil Veiga, TAX, Xefe do Servizo de Persoal do Concello de Ribadeo.

Suplente: D. José Antonio Carro Asorey, Secretario Xeral en acumulación da Corporación Municipal.

3º. Fixar data de celebración dos exercicios da fase de oposición para o día **8 de febreiro de 2022 ás 10,00 horas na Casa do Concello de Ribadeo.**

4º.-Publicar anuncio con esta Resolución no taboleiro de anuncios do Concello e sede electrónica / www.ribadeo.gal aos efectos legais procedentes.

Mando e asino o Sr. Alcalde, en Ribadeo a data da sinatura electrónica do que eu Secretario dou fe.

Ribadeo, 17 de decembro de 2021.- O alcalde, Fernando Suárez Barcia. Ante min, o secretario xeral, José A. Carro Asorey.

R. 3629

RIBEIRA DE PIQUÍN*Anuncio*

Iniciado expediente de expropiación forzosa para a ocupación dos bens e dereitos necesarios para a realización do proxecto de posta en marcha dunha granxa-piscifactoría de produción de cría e reprodución de salmón

atlántico, faise pública a relación de propietarios e bens afectados, aprobada inicialmente en sesión plenaria extraordinaria de data 29 de novembro de 2021, para que dentro do prazo de quince días, contados a partir do seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo poidan os interesados formular alegacións, achegando cantos datos permitan a rectificación dos posibles erros na mencionada relación. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello (<https://ribeiradepiquin.sedelectronica.gal>):

“RELACIÓN DE PROPIETARIOS E BENS AFECTADOS

PARCELA 1.- PROPIETARIO: D. Julio López Fernández, con NIF núm. 33.311.961A, e domicilio no lugar de Barcia, nº 70 (P), municipio de Ribeira de Piquín, provincia de Lugo.

DATOS DA PARCELA:

- Denominación: “Carrizal”.
- Referencia catastral: 27053A018000010000QR- Polígono 18, parcela núm. 1.
- Superficie: 631 metros cadrados.
- Colindantes: Parcela núm. 2 do polígono 18, propiedade de D. Dositeo Antonio Abreira López; Parcela núm 9001 do polígono 17-RÍO EO.

PARCELA 2.- PROPIETARIO: D. Dositeo Antonio Abreira López, con NIF núm. 33.304.291S, e domicilio na rúa Fratin, nº 6, Pl. 03, Pt. B, municipio de Palma de Mallorca, Islas Baleares.

DATOS DA PARCELA:

- Denominación: “Carrizal”.
- Referencia catastral: 27053A018000020000QD- Polígono 18, parcela núm. 2.
- Superficie: 29.767 metros cadrados.
- Colindantes: Parcela núm. 1 do polígono 18, propiedade de D. Julio López Fernández; Parcela núm 3 do polígono 18, propiedade de Dna. Ylda Fernández Ron; Parcela núm. 9005 do polígono 11-RÍO EO; Parcela núm. 9012 (camiño) do polígono 11, propiedade do Concello de Ribeira de Piquín; Parcela núm. 9006 (Estrada provincial LU-P-4802) do polígono 11, propiedade da Excm. Deputación Provincial de Lugo; Parcela núm. 9001 do polígono 17-RÍO EO; Parcela núm. 9006 (Estrada provincial LU-P-4802) do polígono 11, propiedade da Excm. Deputación Provincial de Lugo.”

Aos sós efectos da emenda de erros na descrición material e legal dos bens, calquera persoa natural ou xurídica poderá comparecer para alegar e ofrecer cantos antecedentes ou referencias sirvan de fundamento para as rectificacións que procedan.

Ribeira de Piquín, 17 de decembro de 2021.- O alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 3630

O VALADOURO

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE NOVEMBRO DE 2021

Aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local celebrada o día 15 de decembro de 2021, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia e de dependencia, correspondente ao mes de novembro de 2021 polo importe total de 6.028,66€.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Valadouro 18 de decembro de 2021.-O Alcalde, Eduardo Maseda maseda.

R. 3631

XOVE*Anuncio*

Faise público que o Concello Pleno na súa sesión de data 14 de decembro de 2021 aprobou a Modificación da Relación de Postos de Traballo do Concello derivada da incorporación á mesma de 2 novos postos que a seguir se relacionan:

POSTO DE TRABALLO 67 Encargado General de Obras.

Grupo: C1

Nivel de Destino: 21

Complemento Específico: 850 puntos.

Puesto – Tipo asimilado: Encargado.

Relacion Laboral proposta: Funcionarial/Laboral

Forma de provisión proposta: Concurso específico.

Movilidad Interadministrativa: Sí (abierta)

POSTO DE TRABALLO 68 Técnico Jurídico Secretaría – Intervención.

Grupo: A1

Nivel de Destino: 25

Complemento Específico: 1225 puntos.

Puesto – Tipo asimilado: Técnico Superior.

Relacion Laboral proposta: Funcionarial

Forma de provisión proposta: Concurso específico.

Movilidad Interadministrativa: Sí (abierta)

Xove, 17 de decembro de 2021.-O Alcalde, Jose Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 3632

MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS A MARIÑA LUCENSE*Anuncio***APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO 2022**

Conforme dispoñen os artigos 112 da Lei 7/85 de 2 de abril, e 169 do RD lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, encontrase exposto ó público na secretaria e na sede electrónica da Mancomunidade de Concellos da Mariña Lucense (<https://mancomunidademarinalucense.sedelectronica.es>), a efectos de reclamacións, o Orzamento Xeral da Entidade para o exercicio 2022 aprobado inicialmente polo Pleno da Mancomunidade do 15 de decembro de 2021.

Os interesados que estean lexitimados segundo o disposto no artigo 170.1 do RD lexislativo 2/2004, a que se fixo referencia, e polos motivos taxativamente numerados no artigo 170.2, poderán presentar reclamacións nos quince días hábiles a partir do seguinte á data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Barreiros, 16 de decembro de 2021.- O presidente, Francisco Cajoto Caserío.

R. 3633